



## Teaching Guide

Identifying Data				2022/23
<b>Subject (*)</b>	Learning and education of the modules of formation(training) and labour orientation	<b>Code</b>	652606621	
<b>Study programme</b>	5 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Formación e Orientación Laboral			
Descriptors				
<b>Cycle</b>	<b>Period</b>	<b>Year</b>	<b>Type</b>	<b>Credits</b>
Official Master's Degree	Yearly	First	Obligatory	12
<b>Language</b>	Galician			
<b>Teaching method</b>	Face-to-face			
<b>Prerequisites</b>				
<b>Department</b>	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación Pedagoxía e Didáctica Psicoloxía			
<b>Coordinador</b>	Perea Vega, Gustavo Ariel	<b>E-mail</b>	gustavo.perea@udc.es	
<b>Lecturers</b>	Arza Arza, Neves Perea Vega, Gustavo Ariel	<b>E-mail</b>	neves.arza@udc.es gustavo.perea@udc.es	
<b>Web</b>				
<b>General description</b>	A materia céntrase na construción das competencias relativas á planificación do terceiro nivel de concreción curricular e integra as aprendizaxes promovidas desde outras materias do módulo xenérico e do módulo específico (Formación Profesional e Mercado laboral, Inserción e orientación laboral e Proxectos de innovación e investigación).			

## Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A1	(CE-G1)Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións
A2	(CE-G2)Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan á aprendizaxe
A3	(CE-G3)Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.
A4	4. (CE-G4)Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes
A5	5. (CE-G5)Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas
A6	6. (CE-G6) Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país
A8	8. (CE-G8)Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá
A10	10. (CE-G10)Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
A13	13. (CE-G13)Comprender as implicacións educativas da situación lingüística galega e adquirir e aplicar criterios, estratexias e recursos pedagóxicos para participar na planificación e desenvolvemento do plano lingüístico do centro.
A14	CE-G14) Respetar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade.
A15	CE-E1)Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
A16	(CE-E2)Coñecer os contidos que se cursan nos respectivos ensinos.
A17	(CE-E3)Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.
A18	(CE-E4)Coñecer contextos e situacións en que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares
A19	(CE-E5)Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.
A20	(CE-E6)Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.
A21	(CE-E7)Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
A22	(CE-E8)Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes.
A23	(CE-E9)Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.
A24	(CE-E10)Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.
A25	(CE-E11)Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.



A26	(CE-E12) Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.
A27	(CE-E13) Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
A28	(CE-E14) Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación. .
A29	CE-E15) Coñecer a evolución do mundo laboral, a interacción entre sociedade, traballo e calidade de vida, así como a necesidade de adquirir a formación axeitada para a adaptación apropiada e permanente das distintas profesións (FP).
A30	CE-P1) Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización..
A32	(CE-P3) Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia
A33	(CE-P4) Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica.
A34	(CE-P5) Coñecer a tipoloxía empresarial correspondente aos sectores produtivos e comprender os sistemas organizativos máis comúns nas empresas (FP)
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

### Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences / results		
Analizar o organigrama dos centros onde se imparte a FP e as funcións do departamento de FOL	AJ18		
	AJ19		



Analizar o currículo dos módulos da especialidade de FOL e valorar as ausencias e potencialidades para formar persoas cun pensamento crítico activista sobre as desigualdades de xénero e a precarización laboral.	AJ1 AJ2 AJ3 AJ4 AJ5 AJ8 AJ13 AJ14 AJ15 AJ16 AJ17 AJ18 AJ19 AJ20 AJ21 AJ22 AJ23 AJ24 AJ25 AJ26 AJ27 AJ30 AJ34	CC1 CC3 CC5 CC6 CC7
Analizar e valorar a normativa aplicable á actividade docente na FP e trasladala á planificación dos módulos da especialidade.	AJ8 AJ10 AJ14 AJ15 AJ16 AJ18 AJ19 AJ20 AJ21 AJ25 AJ26 AJ27 AJ30	CC3 CC4
Utilizar as TIC para a aprendizaxe profesional e integralas nos procesos de ensino e aprendizaxe.	AJ13 AJ14 AJ15 AJ16 AJ20 AJ25 AJ26 AJ27 AJ32	CC4 CC7
Identificar as funcións do profesorado de FOL.	AJ15 AJ17 AJ18	CC6
Describir o sistema de acceso a función docente no ensino público e privado e os requirimentos esixidos	AJ16 AJ29	



Deseñar unha programación dun dos módulos da especialidade e unha unidade didáctica da programación, contextualizadas a nivel de centro e de alumnado, viables e coherentes co marco teórico e curricular.	AJ20 AJ21 AJ22 AJ23	CC3 CC6 CC7
Integrar o enfoque de xénero nas programacións e nas unidades didácticas e valorar a súa importancia para acadar a equidade de xénero.	AJ15 AJ16 AJ17 AJ18 AJ19 AJ20 AJ24 AJ25 AJ26 AJ27 AJ30 AJ33	CC4 CC5 CC7
Elaborar a fundamentación teórica e legal, analizando e valorando as bases legais e os obxectivos do desenvolvemento sostible aplicables á materia ou módulo e á etapa educativa.	AJ1 AJ2 AJ3 AJ4 AJ5 AJ8 AJ10 AJ13 AJ14 AJ19 AJ23 AJ24 AJ25 AJ27 AJ28 AJ29 AJ30	CC4 CC6 CC8
Valorar as posibilidades dos módulos da especialidade para a construción dun pensamento crítico e activista e reflectir esta perspectiva na súa planificación.	AJ6 AJ13 AJ14 AJ15 AJ16 AJ17 AJ18 AJ19 AJ20 AJ21 AJ22 AJ23 AJ24 AJ25 AJ26 AJ27 AJ30	CC3 CC4 CC5 CC6 CC7



Contents	
Topic	Sub-topic
Tema 1.-Contexto organizativo e funcional dos centros de Formación Profesional.	1.1. Normativa que regula a organización e o seu funcionamento 1.2. Tipoloxía de centros de formación profesional, espazos e equipamentos. 1.3. A organización docente nos centros de FP. Órganos de Goberno e Coordinación Didáctica. Proxecto Educativo e Proxecto Funcional 1.4. O Departamento de Formación e Orientación Laboral. Composición e funcións. O traballo en equipo. A colaboración cos Departamentos de Orientación e de Información e orientación profesional.
Tema 2.- O corpo de Profesorado do Ensino Secundario: a especialidade de Formación e orientación laboral (FOL)	2.1. Corpos de profesorado e categorías profesionais 2.2..Sistema de acceso ó ensino público e o ensino privado 2.2. Retribucións 2.3.Autoemprego.
Tema 3. Módulos da especialidade e normativa aplicable	3.1. Módulos da especialidade nos ciclos LOXSE 3.2. Módulos da especialidade nos ciclos LOE 3.3. Formación en centros de traballo 3.4. Normativa aplicable e implicacións para a planificación curricular
Tema 3. Planificación nos distintos niveis de concreción curricular: do currículo oficial á programación de aula.	3.1. A programación dos módulos 3.2. A programación de aula
Tema 4. Metodoloxía e avaliación	4.1. Técnicas e estratexias metodolóxicas: tipoloxía e características  4.2. Avaliación: tipos, técnicas e instrumentos. 4.3. A participación do alumnado na avaliación: finalidades e instrumentos. 4.3. Avaliación e xestión da calidade nos centros de FP
Tema 5. Educación mediática e TIC	5.1. Educación mediática: concepto, finalidade e integración na programación dos módulos da especialidade  5.2. Competencia dixital docente. A competencia dixital como obxectivo e contido das materias e módulos da especialidade. 5.3. Recursos e ferramentas dixitais para o ensino e aprendizaxe dos módulos da especialidade..
Tema 6. A atención á diversidade	6.1. Atención á diversidade: conceptualización e medidas que prescribe a normativa. 6.2. Estratexias e recursos para a atención á diversidade
Tema 7. A integración da perspectiva de xénero	7.1. Finalidades e modalidades de integración 7.3. Experiencias e recursos 7.4. Normativa, plans e actuacións específicas.

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student's personal work hours	Total hours
Introductory activities	A16	3	0	3
Guest lecture / keynote speech	A8 A10 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A22 A24 A34	16	0	16



Document analysis	A10 A13 A14 A15 A17 C4 C6 C7	12	52	64
Oral presentation	A23 C1 C3	4	5	9
Collaborative learning	A8 A14 A22 A32	28	51	79
Student portfolio	A15 A16 A17 A19	0	15	15
Supervised projects	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A10 A13 A14 A15 A16 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A26 A27 A28 A29 A30 A32 A33 C3 C4 C5 C6 C7 C8	21	90	111
Personalized attention		3	0	3

(\*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Introductory activities	As actividades iniciais teñen unha dupla finalidade: a) que o alumnado tome conciencia dos seus coñecementos previos, de xeito que se convertan nun referente para a análise e reflexión do que precisan aprender e das aprendizaxes construídas na materia. b) A posta en común e resolución de dúbidas das cuestións formuladas sobre as temáticas previamente traballadas fora da aula e que forman parte da clase invertida.
Guest lecture / keynote speech	A sesión maxistral utilízase para presentar unha boa parte dos temas que se abordan na materia. A sesión maxistral combínase coa clase invertida, deste xeito límitase o papel de transmisor de contidos do profesorado.
Document analysis	A análise das fontes documentais está vinculada o traballo tutelado. A súa finalidade é o deseño da programación e dunha unidade didáctica, principalmente a elaboración do apartado de fundamentación teórica e legal.
Oral presentation	Consiste na difusión entre as persoas da clase do produto elaborado no traballo tutelado. Dispoñen de 20 minutos por cada traballo e na presentación teñen que participar todas as persoas do grupo de traballo.
Collaborative learning	A aprendizaxe colaborativa está implícita no resto das metodoloxías que son realizadas en grupo.
Student portfolio	Consiste nun informe no que o alumnado da conta das aprendizaxes adquiridas tomando como referencia o resultados de aprendizaxe e os obxectivos das actividades e das temáticas abordadas.
Supervised projects	O traballo tutelado ten como finalidade o deseño dunha programación e dunha unidade didáctica. A análise documental, a aprendizaxe colaborativa, unha parte das prácticas a través das TIC e a presentación oral están integradas no traballo tutelado.

Personalized attention	
Methodologies	Description
Supervised projects	A atención personalizada ten como finalidades a supervisión e orientación do traballo tutelado e lévase a cabo no horario de titorías e nas aulas reservadas para a súa realización.

Assessment			
Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Oral presentation	A23 C1 C3	A presentación vai ser avaliada polo resto dos compañeiros e compañeiras a partir dunha rúbrica.	5



Supervised projects	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A10 A13 A14 A15 A16 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A26 A27 A28 A29 A30 A32 A33 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Consiste no deseño dunha programación e dunha unidade didáctica. Para a súa avaliación proporcionanse dúas rúbricas, nas que se detallan as dimensións a avaliar, os niveis de logro e os criterios de cualificación. As rúbricas entreganse coa proposta de traballo tutelado.  Tamén se avalia a participación e contribución de cada unha das persoas do grupo. A través dun proceso de coavaliación, e de xeito consensuado, asígnase a cada membro do grupo unha porcentaxe (de 0 a 100). A cualificación obtida por cada unha das persoas do grupo é o resultado de aplicar esta porcentaxe sobre a cualificación obtida na programación e na unidade didáctica.	70
Student portfolio	A15 A16 A17 A19	Os referentes para a avaliación son os resultados de aprendizaxe, os obxectivos do traballo tutelado e a utilización de fontes bibliográficas que afonden nas temáticas abordadas na materia.	25

### Assessment comments

#### ASISTENCIA

A asistencia ás sesións é obrigatoria, e está xustificada en base a que as clases son moi interactivas e se traballa aspectos procedimentais e actitudinais que son necesarios para aprobar a materia, polo tanto, nesta materia non procederá a dispensa de asistencia do alumnado.

O alumnado con asistencia regular que ocasionalmente non acuda a unha sesión deberá de realizar e entregar as actividades realizadas na aula. **REQUERIMENTOS PARA APROBAR A MATERIA** A cualificación final será o resultado das puntuación obtidas nas distintas actividades que computan na cualificación. Para superar a materia é indispensable obter a metade da cualificación no traballo tutelado e no portafolio. Na avaliación da segunda oportunidade recupéranse as actividades non superadas. A non realización dalgunha das actividades de avaliación implica a cualificación de Non presentada

É obrigatorio o uso dunha linguaxe inclusiva. **FALTA DE INTEGRIDADE ACADÉMICA** Ausencia de citación de fontes As citas e referencias a calquer tipo de texto deben declararse no texto e no apartado de referencias bibliográficas, utilizando as normas APA máis actuais. Co obxectivo de visibilizar as achegas das autoras, escribirase o nome completo dos autores e autoras. Plaxio O plaxio será motivo de suspenso. Así o establece o artigo 14.4 da normativa académica de avaliación da UDC: " na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade" Normativa académica de avaliación, revisión e reclamación da UDC-

[https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/\\_galeria\\_down/academica/Normas\\_avaliacion\\_revision\\_reclamacion\\_consolidado\\_1.pdf](https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_1.pdf)

<http://www.educacion.udc.es/?pagina=propiedad-intelectual>

### Sources of information

<b>Basic</b>	De Miguel, Mario (2006). Modalidades de enseñanza centradas en el desarrollo de competencias. Orientaciones para promover el cambio metodológico en el espacio europeo de educación superior. Oviedo: Ediciones Universidad de Oviedo. Prieto Alfredo, Díaz David e Santiago Raúl (2017). Metodologías Inductivas. El desafío de enseñar mediante el cuestionamiento y los retos. Cano, Elena (Editora) (2012). Aprobar o aprender. Estrategias de evaluación en la sociedad red. Barcelona: Universidad de Barcelona. Sanmartín, Neus (2007). Evaluar para aprender. Diez ideas clave. Alsina, Josep (Coord.) (2011). Evaluación por competencias en la universidad: competencias transversales. ICE Universitat Barcelona y Editorial Octaedro. Imbernon Francesc e Medina Jose Luis (2005). Metodología participativa a l'aula universitària. La participació de de l'alumnat. Barcelona: ICE. Quaderns de Docència Universitària, 4. Willson Carolyn Grizzle Alton, Tuazón Ramón, Akyempong Kwane, Cheung Chi_Kin (2011) Alfabetización mediática e informacional. UNESCO. John Granados, Raúl López, Raidell Avello e Diego Luna (2017). TIC, TAC y TEC como instrumentos de apoyo al docente de la universidad del siglo XXI. Arnaiz, Haizea Begoña, Careaga Susana e Oskoz José Miguel J.M. (2015). Guía para la incorporación de la perspectiva de género (?) Gasteiz: Servicio de Publicaciones del País Vasco.
<b>Complementary</b>	Para cada tema facilítase unha listaxe de bibliografía obrigatoria e a complementaria



## Recommendations

### Subjects that it is recommended to have taken before

### Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Vocational training and labour market/652606611

Insertion and labour orientation/652606612

### Subjects that continue the syllabus

Vocational training and labour market/652606611

Insertion and labour orientation/652606612

Proxectos de innovación e investigación educativa en formación profesional e orientación laboral/652606E31

### Other comments

ACTUALIZACIÓN DO PERFIL PERSOAL Como máis tardar, na terceira sesión de clase, todo o alumnado ha de pendurar unha foto actual no seu perfil de moodle. COMPROMISO COA SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL Débese facer un uso sustentábel dos recursos co obxecto de evitar impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. En coherencia cos principios enunciados os traballos entregaranse en formato dixital. CARGA DE TRABALLO A realización das tarefas indicadas na guía docente supoñen unha dedicación de 216 horas de traballo fora da aula. Polo tanto, cómpre unha boa planificación e xestión do tempo.

(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.